

## **Martim de Ginzo**

Rubrica

Como vivo coitada, madre, por meu amigo,  
ca m'enviou mandado que se vai no ferido;  
e por el vivo coitada.

Como vivo coitada, madre, por meu amado,  
ca m'enviou mandado que se vai no fossado;  
e por el vivo coitada.

Ca m'enviou mandado que se vai no ferido,  
eu a Santa Cecilia de coraçom o digo:  
e por el vivo coitada.

Ca m'enviou mandado que se vai no fossado,  
eu a Santa Cecilia de coraçom o falo:  
e por el vivo coitada.

[cantigas-stag.square-bit.com](http://cantigas-stag.square-bit.com)

© 12/05/2026